

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

CORRECCIÓN de erros. Resolución do 30 de xuño de 2014 pola que se dá publicidade á resolución de concesión das axudas para proxectos de equipamento tecnolóxico das pemes no sector dos servizos, cun investimento subvencionable entre 30.000 € e 200.000 €, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

Advertido erro na referida resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 128, do 8 de xullo de 2014, procede facer a seguinte corrección:

– Na páxina 30472, no punto primeiro do «RESOLVO», engádese o seguinte parágrafo:

«Esta liña de axudas está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, eixe 2, tema prioritario 09, actuación 5, polo que a concesión desta axuda supón a aceptación do beneficiario a ser incluído na lista pública de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2.d) do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006. Así mesmo, o beneficiario deberá cumprir, ademais da obriga de publicidade establecida no artigo 13.f das bases reguladoras, as obrigas de información e publicidade comunitaria establecidas nos artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, e no artigo 1, números 1) e 2) do Regulamento (CE) nº 846/2009 da Comisión, do 1 de setembro de 2009.»

